

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2018

Lugar: Sala do Consello de Goberno da Universidade da Coruña

Hora de inicio: 09:45 en segunda convocatoria logo de comprobar a existencia de quórum e segundo a Orde do día que figura como **anexo I** da presente acta

Hora de remate: 11:40h

Asistentes: as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que a seguir se relacionan: José M. Sánchez Santos, Gabriela Oanta, Fernanda Miguélez e Natalia Álvarez Lata.

1. Informe do reitor

O reitor dou conta das xuntanzas celebradas pola CRUE: mesa de xerentes (presidida polo propio reitor da UDC), sectorial de I+D e primeira reunión cos responsábeis do Ministerio, Secretaria de Estado de Universidades, sobre a situación da investigación universitaria. No curso da mesma, as universidades expresaron as súas dúbidas acerca do funcionamento da xestión da investigación universitaria (respecto, por exemplo, da consideración dos proxectos de investigación como unidades funcionais aos efectos da LCSP). Pediron aos representantes gobernamentais que se dea cobertura legal, modificando non a LCSP mais si a Lei da Ciencia para cualificar directamente os proxectos de investigación como unidades funcionais, reformando tamén os Estatutos de cadansúa universidade. Os trámites para esta reforma legal xa foron iniciados. No entanto, mantense a inseguranza xurídica xa que cada universidade procura saídas individuais sen cobertura legal. Na UDC non se farán experimentos, tratando en todo caso de axilizar a xestión contractual.

Rematou parabenizando á Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño, polo seu nomeamento como ferrolá do ano polo concello departamental.

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación informou de:

Actividades a destacar durante o mes de novembro de 2018:

1. Reunión Europass organizada polo SEPIE en Madrid. O 12 de novembro asistimos a este infoday sobre o Europass como instrumento común europeo que serve para velar pola transparencia das cualificacións e as competencias, con obxecto de axudar aos cidadáns a presentar as súas capacidades e cualificacións dunha maneira sinxela e facilmente comprensible, facilitarlles a mobilidade e posibilitarlles novas oportunidades para estudar ou traballar no estranxeiro. Entre os documentos que inclúe, tres deles facilitarémolos dende VIC: o documento de mobilidade Europass, que rexistra as prácticas de traballo nunha empresa europea; o pasaporte de linguas, que é unha ferramenta para autoavaliación das destrezas e cualificacións lingüísticas; o pasaporte europeo de competencias, que rexistra competencias e cualificacións para atopar traballo ou estudos no estranxeiro ou validar competencias.

Código Seguro De Verificación	jcVi2CDk1vYaprNbdq6IhA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	08/01/2019 12:40:03
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	07/01/2019 09:10:48
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jcVi2CDk1vYaprNbdq6IhA==		





2. Asistencia á reunión informativa sobre unha nova convocatoria, “Universidades Europeas”, para desenvolver alianzas estratéxicas dende o programa Erasmus+. A iniciativa Universidades Europeas busca crear un «campus» interuniversitario de educación europea superior onde polo menos o 50% dos estudantes e do persoal trasládense física ou virtualmente a outra institución do consorcio e impártanse novos plans de estudos flexibles baseados en enfoques interdisciplinarios ou multidisciplinares e intersectoriais. Aínda que a convocatoria da UE só seleccionará tres campus de Universidades Europeas, o SEPIE dará unha axuda de 15.000 ás institucións españolas que presenten unha proposta. A UDC solicitará esa axuda e tentará crear un campus interuniversitario baixo esta convocatoria.
3. Asistencia ao Seminario de Contacto sobre a rexión I da K107, organizado polo SEPIE en Saraievo. A UDC reuniuse cunha vintena de institucións bosníacas co fin de buscar estudos similares para crear posibles acordos interinstitucionais que faciliten a mobilidade de profesorado e estudantado, tanto entrante como saínte. Recibíronse numerosas peticións de acordos de todo o país.
4. Convocatoria de mobilidade a Albania baixo o Consorcio de Comercio Europeo. Este consorcio xorde pola necesidade de que profesorado e alumnado de comercio internacional poidan obter competencias profesionais de acordo co que hoxe en día demandan as empresas. A unión da UDC con outros centros de educación superior a través do consorcio permite xestionar mobilidades tanto saíntes como entrantes a e terceiros países. Neste caso, o obxectivo da mobilidade é coñecer as institucións de acollida dos alumnos así como buscar posibles empresas para que vaian realizar prácticas laborais en Albania.
5. International Summer School. Como cada ano, abriuse a *Call for Course Proposals* para a *International Summer School 2019*. Como novidades nesta edición, os cursos terán unha duración de dúas semanas e promocionábase que algúns deles se impartan no campus de Ferrol.
6. Visitas institucionais. Estas semanas recibimos a persoal de numerosas institucións na UDC, entre as que destacan a Universidade de Paññastra de Cambodia, coa que se espera alcanzar un acordo de cooperación coa Facultade de Arquitectura, ou a Universidade de Worcester de Reino Unido, con quen desde a ORI estamos a traballar para elaborar unha proposta de título conxunto para a Facultade de Filoloxía e quizais coa Facultade de Educación. Onte recibíuse a unha delegación da universidade chinesa de Jinan con interese en mobilidades coa Escola Politécnica Superior de Ferrol.
7. Proxectos Erasmus +. Tendo en conta que está aberta a convocatoria para os proxectos k1 e k2, chegaron á UDC varias propostas de proxectos de colaboración para presentar candidaturas a proxectos KA203 e Capacity Building nos que actualmente estamos a traballar para formar os equipos máis adecuados na UDC de acordo coa temática das propostas

Oficina de Cooperación e Voluntariado

1. Durante este mes de novembro a OCV organizou as XIV xornadas de sensibilización sobre interculturalidade: interseccionalidade e identidades diversas, que se celebrou en Ferrol o día 5 de novembro e á que acudiron un total de 42 persoas.
2. O día 6 de novembro, organizouse na Facultade de Socioloxía unha charla de José Palazón, presidente da ONG PRODEIN Melilla, sobre “menores sen refuxio”
3. O día 9 e o 10 de novembro realizouse o curso de formación básica en voluntariado para as persoas de nova incorporación do campus de Ferrol, cun total de 30 asistentes.
4. O voluntariado de Ferrol incorporouse os seguintes proxectos ao longo deste mes de novembro: aula de apoio escolar con menores en exclusión social, no Centro de Atención a Minusválidos Físicos de Ferrol (CAMF), en AFAES Ferrol, e no grupo de sensibilización, entre outros.

Código Seguro De Verificación	jcVi2CDk1vYaprNbdq6IhA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	08/01/2019 12:40:03 07/01/2019 09:10:48
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jcVi2CDk1vYaprNbdq6IhA==		



5. O grupo de sensibilización da OCV, dedicou este mes de novembro a facer actividades nos campus da cidade, en Ferrol realizaron unha actividade sobre os dereitos dos menores e en Coruña sobre a violencia de xénero. Tamén organizaron un cineforum, que tivo lugar o 26 de novembro en Coruña sobre a industria e o consumo do téxtil.
6. Dende a RGCUD, colaborouse na organización das Xornadas: “A cooperación universitaria ao desenvolvemento ante a Axenda 2030”, celebradas o 19 e 20 de novembro e ao que asistiron un total de 40 PDI e PAS das tres universidades galegas.
7. O día 13 de novembro, a OCV participou no FORO AVANZA, organizado pola Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión, promocionando as bolsas de Proxectos de Coñecemento da Realidade e o voluntariado local.
8. O día 26 de novembro a vicerreitora e o director da OCV recibiron a un grupo de 7 alcaldes e alcaldesas procedentes de 7 municipios hondureños cos que a Universidade esta a desenvolver un proxecto de cooperación ao desenvolvemento financiado pola Xunta de Galicia. Os alcaldes amosaron o seu compromiso de becar a algúns dos seus xoves para viren a estudar a UDC.

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente informou dos seguintes temas:

- O día 30 de outubro celebrouse unha reunión en Santiago de Compostela, no Centro de Estudos Avanzados. Estabamos convocados os vicerreitores de titulacións das tres universidades e os/as decanos/as ou directores/directoradas dos centros de titulacións duplicadas, con baixa demanda no Sistema Universitario Galego (Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Forestal, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Obras Públicas), e dos centros de titulacións multiplicadas, con alta demanda no SUG (ADE, Bioloxía, Comunicación Audiovisual, Dereito, Enfermaría, Enxeñaría Informática e Química). Estableceuse o seguinte cronograma:

-Antes do Nadal hai que enviar ao SXU e ás vicerreitorías correspondentes un informe do traballo de cada comisión (grupo de traballo dos equipos dos centros) para pechar o procedemento de homoxeneización e recoñecemento mutuo nos primeiros cursos das titulacións.

-Xaneiro do 2019: reunións conxuntas para a análise do traballo.

-Febreiro e abril de 2019: detalle dos traballos da comisión para determinar as orientacións ou mencións

-Maio de 2019: xuntanza conxunta entre SXU e vicerreitorados para ultimar propostas e rematar as novas memorias de verificación

-Agosto de 2019: presentación das propostas na SXU/ACSUG para a súa reverificación e implantación no curso 2020-2021.

Nesa reunión se nos dixo que se non se chegaba a un consenso non habería modificacións nos títulos.

Polo que se refire ás titulacións con baixa demanda, piden que se colabore entre as universidades para pensar unha posible posta en marcha de titulacións interuniversitarias. Outra opción é o cambio de titulación. No caso da UDC, como a titulación afectada “Enxeñaría de obras públicas” ven de acadar o selo EUR-ACE por un

Código Seguro De Verificación	jcVi2CDklvYaprNbdq6IhA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	08/01/2019 12:40:03
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	07/01/2019 09:10:48
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jcVi2CDklvYaprNbdq6IhA==		



período de 6 anos, xa se puxo alí de manifesto que este título non debería sufrir ningunha modificación.

-O día 6 de novembro celebrouse na Reitoría a VI Xornada de Benvinda a Estudantes de Doutoramento en colaboración co CUFIE, dirixida ao alumnado matriculado nun programa de doutoramento da UDC por vez primeira ou en anos anteriores. O obxectivo desta xornada é informar e resolver dúbidas sobre os principais aspectos de organización, normativa e estrutura dos estudos de doutoramento, indicar as principais axudas para a formación predoutoral e postdoutoral, e orientar sobre a carreira académica do/a investigador/a.

-Os días 8 e 9 de novembro celebráronse na Facultade de Ciencias da Educación as III Xornadas de Innovación Docente, nas que se produciron debates e intercambios de ideas moi interesantes.

-Onte celebrouse unha reunión en Santiago de Compostela para o profesorado e o persoal investigador co galo de expor os proxectos de centro e establecer contactos de colaboración na rede de STEMBach. Aclarar que houbo bastante confusión en torno a esta reunión. Susana Ladra, a coordinadora do campus Innova, comentoume que sabía que esa reunión ía a ter lugar, sen embargo, nós non fóramos convocados. En principio, na Consellería se nos dixo que non estaba prevista a nosa asistencia, pero máis adiante cambiaron de opinión e convidaron aos vicerreitores con competencias en titulacións. Ante a imposibilidade de asistir eu, pedínlle a Susana que fose no meu lugar. Desde o equipo de goberno creemos que a organización de todas as cuestións relativas a esta bacharelato se faga a través dos campus de especialización. En breve teremos unha reunión cos tres coordinadores para nos organizar.

O **xerente** informa do seguinte:

O pasado día 19 de novembro acudiron á Xerencia a conselleira e persoal auditor do Consello de Contas co obxecto de explicar o Plan de traballo para auditar o exercicio económico do ano 2015 na Universidade da Coruña.

O vindeiro día 30 publicarase no DOG a modificación da OEP da UDC do ano 2018.

No que se refire aos procesos selectivos en curso:

- Por resolución do 5 de novembro publicouse a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo polo sistema de promoción interna, o prazo para formular reclamacións rematou onte día 26.
- Por resolución do 31 de outubro publicouse a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para o acceso a dúas prazas da subescala de auxiliar de servizos polo sistema de acceso libre, o prazo para formular reclamacións rematou o día 19.

O vindeiro día 30 de novembro celebráronse no Paraninfo as XXV Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais, organizadas por esa sociedade, pola Xunta de Galicia, polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e pola Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	jcVi2CDk1vYaprNbdq6IhA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso		Asinado	08/01/2019 12:40:03
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	07/01/2019 09:10:48
Observacións			Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jcVi2CDk1vYaprNbdq6IhA==			



O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa de seguido dos seguintes asuntos:

- 07/11/2018. Autorizouse, a petición do Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña, a contratación pola lista de agarda da praza 18/7002 dun/ha profesor contratado/a interino/a de substitución a tempo completo debido as necesidades docentes persistentes na área de Ciencias e Técnicas da Navegación ao ter acadado o profesorado contratado a tempo parcial dúas das últimas tres prazas convocadas. Esta circunstancia supuxo un aumento menor do esperado na capacidade docente da área.
- 14/11/2018. Autorizouse a transformación dun profesor Titular de Escola a Titular de Universidade ao ter acadado a acreditación a esta última categoría, na área de coñecemento de Fisioterapia. Esta transformación realízase en aplicación do disposto no artigo 57 da Lei orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007
- 15/11/2018. Autorizouse a suspensión por mutuo acordo do contrato dunha profesora asociada da área de coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade ata o 30/08/2019. Esta suspensión será cuberta cunha proposta de aumento de dedicación da persoa que acada a praza de interino/a de substitución P04 aprobada no último Consello de Goberno e a retribución de horas extras a 5 profesores da área de coñecemento.
- 20/11/2018. Autorizouse, a petición do Departamento de Letras, a contratación pola lista de agarda da praza 18/1001 dun/ha profesor contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 debido baixa por IT dunha profesora da área de coñecemento de Lingua Española e falta de capacidade docente do resto do profesorado da área.

A **Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** Margarita Amor informou do seguinte:

Da publicación da convocatoria para axudas do estudantado con dificultades económicas e da publicación da III Edición dos premios expociencia-UDC de divulgación científica. Tamén se publicou a resolución de adxudicatarios da 12ª convocatoria de axudas da UDC para os estudantes gañadores de olimpíadas científicas.

Do 13 ao 15 de novembro, celebrouse o Foro Avanza na Facultade de Economía e Empresa formada por tres actividades fundamentais para calquera estudante ou titulado/a para a súa empregabilidade: emprego, emprendemento e contacto con empresas.

Ao longo dos tres días desenvóléronse charlas informativas, obradoiros e encontros coas empresas participantes no FORO. Explicáronse temas tales como a cultura emprendedora, ideas empresariais, mitos sobre o emprendedor/a ou a metodoloxía de xeración de modelos de negocio.

Na área de cultura da UDC, salienta que neste primeiro cuadrimestre do curso 2018/2019 continuamos con *Conversas coa dirección*. O proxecto que consiste nunha

Código Seguro De Verificación	jcVi2CDklvYaprNbdq6IhA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	08/01/2019 12:40:03
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	07/01/2019 09:10:48
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jcVi2CDklvYaprNbdq6IhA==		



cita mensual con realizadoras/es de cine e documentais, co fin de achegar ao público a súa obra fílmica e ofrecer a posibilidade de conversar con elas/es tras a súa visualización.

A Mobile World Capital Barcelona (MWCcapital) presentou a primeira edición de Mobile Week Coruña, unha iniciativa que fusiona arte, ciencia e tecnoloxía para crear espazos de reflexión colectiva sobre a transformación dixital e o seu impacto na sociedade actual. Salientar a participación da UDC na Mobile Week nas seguintes actividades: Mesas de debate, Obradoiro de realidade virtual, "A hora do código" unha actividade para nenos e o obradoiro sobre programación de Arduinos.

Na comisión de Extensión Universitaria do 9 de novembro, autorizáronse os seguintes cursos de extensión universitaria:

- "Obradoiro para dinámicas de grupo e creatividade"
- "Unha metodoloxía funcional para iniciación ao Rugby"
- "Iniciación aos deportes ximnásticos acrobáticos"

Acordos:

- 1º - Apróbase, sen votos en contra a acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2018
- 2º - Apróbanse 3 convenios marco, 13 convenios específicos e 58 de prácticas que figuran como **anexo III** da presente acta
- 3º - Aprobada a proposta de XIV premios UDC á excelencia académica no bacharelato - **anexo IV**
- 4º — Aprobadas as propostas e renovacións de títulos propios de posgrao - **anexo V**
- 5º - Aprobada a proposta de renovación da Comisión de Estudos Propios de Posgrao - **anexo VI**
- 6º - Aprobada a proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios - **anexo VII**
- 7º - Aprobada a proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado – **anexo VIII**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 11:40 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://www.youtube.com/watch?v=jGpM4brOmcQ>

(Coa pegada dixital SHA-1: 10417A2A668DD197A831010AEE912F001D6BD42F)

Código Seguro De Verificación	jcVi2CDkLvYaprNbdq6IhA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso		Asinado	08/01/2019 12:40:03
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	07/01/2019 09:10:48
Observacións			Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jcVi2CDkLvYaprNbdq6IhA==			

